



CONCELLO DE POIO

Ref: MC (Secretaría)

ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE, NÚMERO CATROCENTAS SESENTA E CINCO, REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACION O DIA QUINCE DE NOVEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás nove horas e quince minutos do día quince de novembro de dous mil once, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs./as. concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Alicia Martínez Blanco, D. José Ángel Lodeiro Cancela, D. Gregorio L. Agís Gómez, D^a. Consuelo Besada Lores, D^a. Celeste Nieto García, D^a. M^a del Mar Villaverde Rosales e D. Manuel Domínguez Álvarez actuando D^a. Paula Ramos Díaz, Secretaria Xeral do Concello como delegada da Xunta Electoral de Zona. Reuníronse no Salón de Sesiões en primeira convocatoria para realizar a sesión extraordinaria e urxente correspondente ó día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3596.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.- De conformidade co disposto no artigo 79 do Real decreto 2568/1986, do 26 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese á votación a ratificación da urxencia da convocatoria, a que queda aprobada por unanimidade de asistentes.

3597.- REALIZAR OS SORTEOS, QUE PROCEDAN, PARA A FORMACIÓN DAS MESAS ELECTORAIS DAS VINDEIRAS ELECCIÓNS XERAIS DO 20 DE NOVEMBRO DE 2011.- Polo Presidente declárase aberta a sesión, tralo que se da conta da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, modificada polas Leis Orgánicas 2/1980, de 18 de xaneiro; 8/1991, de 13 de marzo, 6/1992, de 2 de novembro, e 13/94, de 30 de marzo, 3/1995 do 23 de marzo, Real Decreto 489/1995, de 3 de abril polo que se dictan normas reguladoras dos procesos electorais, Decreto 605/1999, 16-4, de regulación complementaria dos procesos electorais e Lei orgánica 2/2011 e 3/2011.

De conformidade co artigo 26 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral: 1).- A formación das Mesas compete aos Concellos baixo a supervisión das Xuntas Electorais de Zona. 2).- O Presidente e os Vogais de cada Mesa son designados

por sorteo público entre a totalidade das persoas censadas na mesa da sección correspondente, que sexan menores de 70 anos e que saiban ler e escribir. O Presidente deberá ter o título de Bacharelato ou o de Formación Profesional de segundo grao, ou subsidiariamente, o de Graduado Escolar ou equivalente. 3).- Procédese da mesma forma o nomeamento de dous suplentes para cada un dos membros da Mesa. O artigo 25 da devandita Lei sinala que a Mesa Electoral está formada por un Presidente e dous Vogais.

A documentación existente neste Concello consiste en copias do Censo Electoral Ordinario, pechado ao 29 de xuño de 2011, confeccionado pola Oficina Provincial do Censo Electoral, con listaxe de electores referidos ás Mesas dos Distritos e Seccións do termo municipal de Poio, Distrito Primeiro, Seccións 1ª a 8ª; Distrito Segundo, Seccións 1ª a 3ª, cun total de vinte e tres mesas electorais, divididas por orde alfabético xeral.

Os sistemas informáticos actuais permiten, a realización dun sorteo eficaz, rápido e transparente, seleccionando aos/ás electores/as que reúnan as condicións específicas a cada caso, sen necesidade da previa selección mediante a confección de listados por separado para presidentes e outros para vogais, ao facilitar a Oficina do Censo Electoral, o soporte magnético do Censo Electoral por Seccións.

Realizado o sorteo, os funcionarios/as, mediante o sistema informático, localizan aos electores que deben formar as mesas electorais de conformidade co sorteo efectuado cubrindo os impresos oficiais que se remitirán á Xunta Electoral de Zona, asinados polo Sr. Presidente e Secretario e que se unen como Anexo I.

Igualmente, e para posteriores escusas pola Xunta Electoral, realízase un sorteo máis que será utilizado no caso de que non sexan suficientes os nomeamentos realizados no sorteo principal.

Seguidamente a Secretaria da lectura ao resultado do sorteo indicando os nomes e apelidos dos electores que deberán formar todas e cada unha das Mesas Electorais. O Pleno da Corporación considera correcto o sorteo efectuado sen formular observación ningunha, polo que lle presta conformidade, dispoñendo sexa remitido o resultado á Xunta Electoral de Zona.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión nove horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta, de todo o que eu, Secretario, dou fe.